

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Na sociedade actual, cada vez máis globalizada, a aprendizaxe de linguas estranxeiras é unha necesidade. A competencia multilingüe está considerada como esencial para favorecer a comunicación entre iguais, eliminar barreiras, prexuízos e estereotipos, así como para enriquecer persoalmente aos nenos e nenas ao darlles a posibilidade de coñecer aspectos doutras culturas. A Comisión Europea, nas súas recomendacións para todos os estados membros que a forman di: todos os alumnos e alumnas deberían, ao rematar a súa escolarización, ter competencia na súa lingua materna e, ao menos, en dúas linguas comunitarias.

A educación primaria e máis a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico para todas as persoas sendo a educación primaria a primeira etapa do ensino obrigatorio. Os obxectivos desta etapa están encamiñados ao logro da adquisición das capacidades que permitan, entre outras cousas:

-Adquirir en, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. ¿polo tanto, nesta etapa, impartirase, entre outras, a seguinte Área de coñecemento: Lingua Estranxeira.

Sen embargo, xérase a necesidade duns niveis aínda maiores de dominio das linguas estranxeiras, polo que, búscanse formas máis efectivas de adquisición de idiomas, como por exemplo, a creación das seccións bilingües.

A aprendizaxe integrada de contidos e linguas nunha área ou materia non lingüística: AICLE/CLIL, é un novo enfoque didáctico que se está a desenvolver nos últimos tempos dentro das ensinanzas non universitarias cunha dobre finalidade: a aprendizaxe dos contidos da materia non lingüística ao tempo que traballamos os da lingua estranxeira, aumentando, así, o tempo de contacto dos nosos alumnos e alumnas coa lingua estranxeira, adquirindo outras dimensións dela. Polo tanto, poderemos mellorar as competencias nunha lingua estranxeira a través do estudo dos contidos doutras áreas curriculares. Traballaremos coa lingua estranxeira «nun contexto».

Consideramos que usando este novo enfoque na Área de Educación Artística permitiremos que o noso alumnado intensifique as súas experiencias na resolución de problemas e saber facer cousas a través doutra lingua, dando unha relevancia destacada ao uso da lingua ao tempo que adquire os contidos da Área duna maneira máis activa, estimulando así a súa aprendizaxe. Proporcionaremoslles tarefas relevantes, realistas e motivadoras para que aprendan os contidos a través do inglés. Promoveremos o uso da lingua estranxeira nun contexto, nun entorno distendido, comunicativo e instrumental.

Ademais, o tempo de contacto dos nosos alumnos e alumnas coa lingua estranxeira aumentou nunha sesión semanal máis. O porqué eliximos esta área ten a seguinte razón: cremos que nesta área traballaremos coa lingua estranxeira ¿nun contexto natural ¿ contidos lúdicos e amenos. A Educación Plástica e Visual é unha linguaxe universal, sen fronteiras. Esta área é un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas. É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. Temos que aproveitar a motivación que provoca esta Área no alumnado, xa que é unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A participación por parte dos alumnos é voluntaria pero cabe destacar que a totalidade do alumnado decidiu participar neste programa. Este curso continuamos con seccións bilingües nos niveis de Educación Primaria de 1º a 5º. Este curso escolar contaremos coa asistencia dunha auxiliar de conversa que acudirá ao centro a partir de outubro.

Alguns obxectivos lingüísticos da sección bilingüe serán:

- Lograr un coñecemento máis profundo da lingua estranxeira dentro dun contexto e dun modo natural.
- Mostrar unha opinión positiva xunto cun talante tolerante cara á xente, cultura e modo de vida propio da lingua estranxeira.
- Ampliar os seus horizontes, tanto profesionais coma persoais, ao verse capacitado para cruzar todas aquelas fronteiras coas que se atope.
- Fomentar a adquisición e aprendizaxe da lingua estranxeira nunha área non lingüística.
- Facilitar e favorecer o uso do inglés na aula: practicar a expresión e comprensión oral e escrita.
- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado na lingua estranxeira, ao utilizala coma vehículo habitual de comunicación na aula e en situacións reais de comunicación.
- Traballar de xeito equilibrado as catro destrezas: listening, speaking, reading and writing.
- Facer uso do seu coñecemento da lingua para adquirir novo vocabulario e novas estruturas (xeometría, formas, cores, materiais...).
- Practicar a expresión de opinións, gustos e preferencias sobre o que os rodea, utilizando o vocabulario adecuado.
- Ler instrucións e practicar dar e recibilas.
- Expresar palabras relacionadas coa forma artística (color, forma, liña, posición, distancia, sombra, textura, movemento...) e diferentes materiais.

A finalidade principal desta Área na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.
- Promover o uso da lingua estranxeira nun contexto, nun entorno distendido, comunicativo e instrumental.

Cada unha das Unidades Didácticas (UD) desta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Life and works of Miró	<p>Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de Joan Miró. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.</p> <p>Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.</p>	18	7	X		
2	The 3 R's !	Esta UD2 prosegue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais, Traballarase o contido transversal da educación medioambiental, a través da recollida de materias de refugallo, concretamente tapóns de botellas, como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	18	6		X	
3	Inventions throughout History!	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor será o proxecto da biblioteca deste ano: "Inventos, inventoras e inventores". As Letras Galegas serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Elements of ART!	Ao longo dos tres trimestres estudaremos os elementos que se usan para crear Arte.	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Life and works of Miró	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes da vida e obra de Joan Miró.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica e sitúa no mapa algunhas cidades importantes na vida de Miró.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e aprecia a beleza da natureza nas representacións plásticas.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende a información en esquemas previos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e mostra interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega a liña aberta e pechada, experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Colabora, grupalmente, de xeito positivo na realización dun mural elaborado a partir de imaxes dixitais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	The 3 R's !	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre as composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora portadas e colaxes empregando as ferramentas e as técnicas básicas: recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores...		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. Usa as cores aprendidas usando un vocabulario axeitado.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre no ordenador e na pantalla dixital composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Produce co ordenador obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Elabora co ordenador figuras formadas coas formas xeométricas traballadas.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Inventions throughout History!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre, identifica e emprega os diferentes tipos de liña.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Experimenta cos diferentes tipos de liña para completar debuxos. Debuxa, completa e colorea a figura humana seguindo modelos.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Realiza un mosaico grupal, coa axuda de cuadrícula, identificando e recoñecendo tamaños.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica no ordenador e na pantalla dixital diferentes formas de representar o espazo.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza e completa co ordenador debuxos con distintos tipos de liña. Relaciona partes do corpo coa figura humana. Experimenta distintas formas de representar o espazo.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participa de xeito positivo en xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de figuras humanas e expresións faciais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Elements of ART!	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Le e comprende frases relacionadas cos diferentes elementos do arte.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración dun mural.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Memoriza e recita fragmentos de poemas moi sinxelos relacionados coas obras de Picasso.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes das obras do pintor traballadas na aula.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con Pablo Picasso mediante xogos e/ou xeroglíficos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Completa descrições de cadros de Picasso coas palabras aprendidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na realización da sinatura do artista.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas audicións e cos vídeos relacionados coa vida e obra de Picasso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> </ul>

## Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Algúns dos principios nos que está fundamentada a nosa programación son a flexibilidade e a individualidade para atender á diversidade que atopamos nas nosas clases, porque os noso alumnado teñen diferentes intereses, necesidades, motivacións e habilidades. Isto implica que a nosa programación debe ser aberta, cíclica e flexible. A metodoloxía segue un enfoque comunicativo e fundaméntase nos seguintes principios e nas seguintes pautas de actuación:

#### PRINCIPIOS:

1. O PRINCIPIO DA FLEXIBILIDADE: A actividade que se leve a cabo na aula estará acorde cos intereses e necesidades dos alumnos.
2. OS DIFERENTES RITMOS DE APRENDIZAXE: O profesor deberá atender as necesidades e ritmos específicos de aprendizaxe dos diferentes alumnos do grupo de modo individualizado
3. O PRINCIPIO DE USO CREATIVO DA LINGUA: O Profesor explotará o uso da lingua dun xeito creativo e significativo para que o alumno recoñeza o seu aprendizaxe como relevante e frutífero.
4. O PRINCIPIO DOS ROLES INTERACTIVOS: A aula debe ser un lugar de interacción dialéctica entre o profesor e os alumnos e os propios alumnos entre si. O alumno debe tomar un rol activo. Para levar isto a cabo, utilizaranse diferentes técnicas de grupos e actividades que permitan este tipo de interaccións.

#### PAUTAS DE ACTUACIÓN NA AULA:

- LINGUA EN USO NA AULA: Utilizarase principalmente a lingua inglesa nas interaccións cos alumnos. Recorrerase á lingua nativa de xeito esporádico cando non se poida evitar pero nunca de xeito regular.
- O LINGUAXE COMO UN FEITO SOCIAL: O aprendizaxe da lingua permitirá a comunicación e diálogo entre persoas.
- INTERACCIÓN: Favorecerase unha metodoloxía aberta á interacción social entre todos os individuos do grupo.
- IMPLICACIÓN: O proceso anterior só é posible se os alumnos aceptan seu rol activo nas clases. Para obter isto o profesor debe informarles e negociar con eles sobre todos os elementos que toman parte no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- TIPO DE APRENDIZAXES QUE SE PERSIGUEN:
  - a. EXPERIENCIAL: aprender facendo, involucrando ós alumnos en tódalas súas dimensións.
  - b. SIGNIFICATIVO: onde o aprendizaxe debe cubrir un propósito e aplicarse a diferentes situacións.
  - c. AUTÓNOMO: a profesora debe prover ó alumno coas ferramentas e técnicas necesarias para que estes maduren na súa habilidade de aprender por eles mesmos.
  - d. DURADEIRO: perseguendo non un aprendizaxe memorístico senón a interiorización de coñecementos.
- DESENVOLVEMENTO GLOBAL: Búscase que os alumnos crezan en tódalas súas dimensións a razón do traballo realizado nas aulas, non que só o fagan nunha dimensión intelectual.
- ACTIVIDADES COMUNICATIVAS: As actividades que se proporcionen aos alumnos deben estar acorde co seu nivel de maduración, adecuarse aos seus intereses e mobiliza-las estratexias adecuadas para o seu desenrolo cognitivo. Favoreceranse as actividades que promovan o diálogo e a interacción.
- USO DE MATERIAIS ATRACTIVOS E AUTÉNTICOS: Son necesarios para crear interese no que se quere ensinar e, á vez, proporcionar contextos reais para a comunicación. Exemplo disto sería o uso de contos, revistas, obras ou a utilización de materiais obtidos na rede.
- INTEGRACIÓN DAS CATRO DESTREZAS: As catro destrezas (listening, speaking, reading and writing) serán tratadas

dun xeito integrador. Traballaranse primeiro as orais para movernos logo cara ás escritas, unha vez que os contidos estean controlados a ese primeiro nivel oral, o que permitirá a comunicación dos alumnos na lingua estranxeira.

- O TRATAMENTO DO ERRO: Na metodoloxía que optamos por seguir, os erros son considerados como un paso natural no proceso de aprendizaxe e polo tanto serán tratados como elementos beneficiosos para a interiorización dos contidos. Evitarase que súa corrección provoque a ruptura da interacción dos alumnos entre eles ou co profesor ou a inhibición do alumno en futuras participacións. Do mesmo xeito, respectarase en todo momento o período de silencio previo a botarse a falar que todos os alumnos experimentan no referente á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

- ACHEGAMENTO ÁS ESTRUCTURAS LINGÜÍSTICAS E Ó VOCABULARIO: Nesta metodoloxía optamos por seguir un método indutivo para tratar este tipo de contidos. Deste xeito, trataranse estas cuestións buscando o descubrimento por parte dos alumnos, unha vez que se lles proporcione exemplos suficientes.

- COÑECEMENTOS PREVIOS: Ó inicio do curso escolar e co obxectivo de coñecer o nivel de control dos alumnos na materia, realizaranse unhas sesións iniciais que perseguirán o fin de retoma-las cuestións principais que se traballaron no ano anterior. Do mesmo xeito, ó inicio de todo novo grupo de contidos, a profesora terá en conta o nivel de control dos mesmos por parte dos alumnos facendo preguntas sobre eles e así adecuar as súas explicacións ó nivel real de coñecementos de cada un dos grupos.

- O OBXETIVO QUE SE PERSIGUE: a aprendizaxe dos contidos da materia non lingüística (ART) ao tempo que traballamos os da lingua estranxeira, aumentando, así, o tempo de contacto dos nosos alumnos e alumnas coa lingua estranxeira, adquirindo outras dimensións dela.

- TRABALLO COLABORATIVO: Pretendemos que o noso alumnado sexa quen de traballar en grupo, de forma cooperativa e respectuosa coas diferenzas, polo que planificaremos o deseño dos proxectos tendo en conta dito obxectivo.

-DIVERSIDADE: Sendo unha das nosas finalidades o preparar ao noso alumnado para unha realidade multicultural, procuraremos mostrarlles e ofrecerlles a oportunidade de traballar en torno a unha gran variedade de obras plásticas, exemplificacións e mensaxes. Atenderemos tamén á diversidade e as diferenzas en canto a ritmos de adquisición de coñecemento na planificación e deseño de tarefas a levar a coa na nosa aula.

No noso centro estamos a usar o enfoque metodolóxico denominado CLIL (Content and language Integrated learning) que prevé a aprendizaxe da lingua complementada coa aprendizaxe integrada de contido doutras materias. A aprendizaxe integrada de contidos e linguas nunha área ou materia non lingüística: AICLE/CLIL, é un novo enfoque didáctico que se está a desenvolver nos últimos tempos dentro das ensinanzas non universitarias cunha dobre finalidade: a aprendizaxe dos contidos da materia non lingüística ao tempo que traballamos os da lingua estranxeira, aumentando, así, o tempo de contacto dos nosos alumnos e alumnas coa lingua estranxeira, adquirindo outras dimensións dela. Polo tanto, poderemos mellorar as competencias nunha lingua estranxeira a través do estudo dos contidos doutras áreas curriculares. Traballaremos coa lingua estranxeira «nun contexto». Proporcionarémolles tarefas relevantes, realistas e motivadoras para que aprendan os contidos a través do inglés. Promoveremos o uso da lingua estranxeira nun contexto, nun entorno distendido, comunicativo e instrumental.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Diferentes tipos de follas secas

Bloc de debuxo e cartolinas.

Estoxo

Na área de Educación Artística requírese o uso de recursos múltiples e variados, convencionais e non convencionais, así como a creación de recursos propios e de aula elaborados polo alumnado con materiais diversos (os de refugallo, que estimularán nas nenas e nos nenos a busca de solucións creativas comprometidas co respecto e coidado do medio natural).

De momento non dispoñemos dunha aula propia para impartir a materia, pero utilizaranse as aulas de Música e de Inglés. Nestas aulas cóntase cun canón, un encerado branco e un portátil, para poder proxectar sempre que o necesitemos. Tamén contamos con conexión a Internet para poder usar os recursos proporcionados desde a rede e mostrar a información aos nenos a través do proxector. O uso de materiais audiovisuais adquire grande importancia na área polas posibilidades de exploración, manipulación e mesmo de expresión que permiten. Neste grupo pódense incluír: ordenador, cine, televisión, canón de vídeo, cámara e pantalla dixital.

Outros recursos poderán ser materiais da biblioteca: biografías, libros de imaxes, libros de literatura infantil e xuvenil, enciclopedias, CD...; ordenadores da aula de informática,...que serán utilizados sempre que resulten de axuda, e potenciándose ao máximo o seu uso. As TIC, coas súas achegas, son cada vez máis esenciais na área para buscar información, comparar actividades plásticas de diferentes lugares e momentos..., ou como medio para usar programas de ordenador para deseño e debuxo.

Xunto aos recursos comentados, hai que ter en conta tamén aqueles que xa son de uso común nas clases de plástica como: carteis, anuncios publicitarios, fotografías, catálogos, láminas, debuxos, obxectos para colorear (rotulador, ceras, témpera, acuarela...), diferentes tipos de soporte (papel, cartón, teas, pedras...)

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba neste centro consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. Ademais, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

Realizarase unha reunión co persoal titor de Educación Infantil para comentar os aspectos máis salientables a ter en conta do alumnado (comportamento, actitude...).

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>24</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Valorarase o grao de consecución dos obxectivos previstos aplicando a metodoloxía, tendo en conta a adquisición das competencias, os criterios de avaliación e utilizando os distintos instrumentos de avaliación.

A cualificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso nas actividades e tarefas realizadas por parte do alumnado. Para iso, teranse en conta e cualificará os seguintes aspectos do seguinte modo

Instrumentos de avaliación %

Traballo diario 30

Valores e actitude 30

Proxectos realizados 40

En canto á cuestión da lingua estranxeira, a avaliación da sección bilingüe non se verá afectada pola evolución ou falta dela no alumnado, será un factor a ter en conta pero non determinante posto que :

-A interiorización dos contidos non lingüísticos primará sobre os resultados lingüísticos.

-A competencia lingüística no idioma é un valor engadido que debe ser recompensado.

-A falta de fluidez na L.E. non debe penalizarse. As correccións nas producións orais do noso alumnado só se farán cando dificulten a comprensión, favorecendo a participación deles de forma máis relaxada, sen temor a equivocarse, gañando en seguridade.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin: a recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou

tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense a meirande parte dos contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta etapa debe poñerse un especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Así, algúns dos principios nos que está fundamentada a nosa programación son a flexibilidade e a individualidade para atender á diversidade que atopamos nas nosas clases, porque o noso alumnado ten diferentes experiencias, intereses, necesidades, motivacións e habilidades (deste modo garántese o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un). Isto implica que a nosa programación debe ser aberta, cíclica e flexible.

Ao finalizar cada curso avaliaranse os resultados conseguidos por cada un dos alumnos en función dos obxectivos propostos a partir da valoración inicial. A devandita avaliación permitirá proporcionarlles a orientación axeitada e modificar o plan de actuación así como a modalidade de escolarización, de modo que poida favorecerse, sempre que sexa posible, o acceso do alumnado a un réxime de maior integración.

Así, como se ve, os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas consideraremos o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Así, como non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

Incluímos ademais, nesta programación, valores e actitudes tales como:

- ¿ Actitude de respecto cara as artes: aceptación das mesmas como instrumentos de comunicación e identidade.
- ¿ Valoración do patrimonio artístico e cultural e interese por participar na súa conservación.
- ¿ Respecto polas producións artísticas doutras persoas.

- ¿ Educación e respecto cara a lingua estranxeira.

- ¿ Esfuerzo co vocabulario e estruturas novos.

- ¿ Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros.

- ¿ escoita atenta e mostrando seguridade.

- ¿ Uso da lingua estranxeira na clase.

- ¿ Desenvolve as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ¿ Coñece, aprecia e valora as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais.

- ¿ Amosa hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a unha zona de árbores de folia caduca	Recoller distintos tipos de follas de árbores para realizar a actividade de collage.	X	X	
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.		X	
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar.	X	X	X
Colaboración na Biblioteca do Centro	No 3º trimestre colabórase realizando un dos traballos grupais realizados durante o curso para expoñer na Biblioteca.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados